

## Disposición final

A modificación desta ordeanza unha vez aprobada definitivamente polo Pleno municipal, entrará en vigor a partires do 1 de xaneiro de 2006, trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa.-

Meira, 12 de decembro de 2005.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Rosendo Folgueira Valle.

R. 05937

## Anuncio

De conformidade co artigo 17.3º do RD.2/2004, por non se presentar reclamación algunha durante o período de exposición ao público, elevase a definitivo o acordo provisional adoptado en sesión plenaria celebrada o día 24 de maio de 2005, relativo á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS. Procédese á publicación do texto completo de dita ordeanza.

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

#### Artigo 1º.- Fundamento.

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, o artigo 106 da Lei 7/1985, e de conformidade cos artigos 17 a 20 e 58 do RD. 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a presente taxa, que se rexerá por esta ordeanza.

#### Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa municipal derivada de expedición de documentos a solicitude dos interesados, así como aqueles que se precisen nun expediente a tramitar a instancia do particular, e que redunden no seu beneficio.

#### 2. Non constitúe o feito imponible:

- Expedición de copias aos señores concelleiros da documentación obrantes nos arquivos municipais.

- Expedición de copias aos interesados da documentación obrante nos expedientes municipais pendentes de resolución.

- Expedición ou remisión de documentación onde os interesados sexan organismos ou entidades públicas

- As notificacións de actos administrativos.

#### Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas que soliciten, persoalmente ou a través de representación, a expedición da documentación indicada ou que sexan interesados nos expedientes que se estean a tramitar e onde se precisen ditos documentos.

#### Art. 4º.- Responsables.

Serán responsables os que correspondan segundo a Lei Xeral Tributaria.

#### Artigo 5º.- Cota tributaria.

1º. As cotas desta taxa son as seguintes:

a) Certificados de empadronamento, convivencia e residencia: 2 euros

b) Altas, baixas, e outras modificacións no padrón de habitantes: 2 euros

c) Certificados sobre datos de padróns de habitantes sen soporte informático: 3 euros.

d) Certificados sobre datos de padróns tributarios: 3 euros

e) Certificados de actos e acordos municipais adoptados nos últimos 2 anos: 3 euros.

f) Certificados de actos e acordos municipais adoptados en data anterior a 2 anos: 5 euros.

g) Certificados de informes municipais obrantes nas oficinas: 6 euros.

h) Certificados de silencio administrativo: 30 euros.

i) Compulsa de documentos dirixidos ao Concello: 0,50 euros por páxina.

j) Compulsa de documentos para dirixir a outras administracións: 1 euro por páxina.

k) Informes expedidos por órganos de goberno municipais: 10 euros.

l) Informes que para a tramitación dun expediente municipal se precisen doutros organismos ou administracións: 10 euros.

m) Informe ou cédula urbanística: 10 euros por finca.

n) Informes técnicos en procedementos alleos a concesión de licencias: 10 euros.

o) Bastanteo de poderes ante la administración municipal: 30 euros.

p) Por cada contrato administrativo formalizado: 12 euros.

q) Constitución, sustitución e devolución de fianzas para licitacións en contratacións administrativas municipais: 6 euros.

r) Documentación gráfica catastral (SIXPAC): 1 euros por finca.

s) Certificados electrónicos de datos catastrais e cartografía dixital: 10 euros por finca.

t) Traspasos de licencias non previstas nas ordeanzas específicas: 30 euros.

u) Expedientes de declaración de ruina: 30 euros.

v) Fotocopias de documentos municipais non incurridas en puntos anteriores, incluídas ordeanzas e regulamentos municipais: 0,15 euros folla.

w) Fotocopias de documentos municipais en Din A-3: 2 euros por plano.

2º. De requerirse dita documentación con urxencia (determinada segundo o volume e dificultade da mesma en determinado prazo) a tarifa será incrementada un 50%.

## 3ª. Bonificación:

- Do 100% para os suxeitos pasivos que pertencen a unha familia numerosa, previa acreditación.

- Do 100% cando se lles requiran para a prestación de asistencia social.

## Artigo 6º.- Devengo da taxa.

O devengo prodúcese coa solicitude de expedición de documentos, momento no que nace a obriga de pago da taxa e cobro da mesma por ingreso directo nas oficinas municipais. Non se iniciará a tramitación solicitada ata dito ingreso.

No caso de documentos precisos para a tramitación de expedientes a instancia dos interesados, terá lugar trala adopción da correspondente resolución do mesmo, sexa favorable ou non, non entregándose o solicitado ata ese intre sen prexuízo de notificacións. Permiteuse o abono anticipado a conta.

## Artigo 7º.- Normas de xestión:

A liquidación efectuarase polos servizos administrativos municipais nos termos da Lei Xeral Tributaria e demais normativa concordante.

## Disposición adicional primeira

As tarifas desta ordeanza poderán ser actualizadas anualmente segundo o I.P.C.

## Disposición final.

A presente ordenanza unha vez aprobada definitivamente polo Pleno municipal, será publicada no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2006, e ata a súa modificación ou derogación expresa.-

Meira, 12 de decembro de 2005.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Rosendo Folgueira Valle.

R. 05938

SAMOS

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de decembro de 2005, anúnciase o concurso aberto, tramitación ordinaria, das obras de "Piscina en área fluvial en Samos".

Así mesmo, na dita sesión, aprobouse o prego de cláusulas económicas administrativas particulares que han de rexe-la contratación, o que se expón ó público por prazo de oito días hábiles na Secretaría deste Concello, contados a partir do seguinte ó da última publicación deste anuncio no BOP de Lugo ou DOG para efectos de presentación de reclamacións. A licitación aprazarse no caso de que se formulen reclamacións contra o presente prego.

OBRA	PRESUPUESTO CONTRATA	PAZO EXECUCIÓN
Piscina en área fluvial en Samos	109.150,38 (ive engadido)	6 meses.

1.- Entidade adxudicadora.

A) Organismo: Concello de Samos.

B) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría.

2.- Obxecto do contrato.

A execución das obras sinaladas ó comenzo do anuncio.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

A) Tramitación: ordinaria.

B) Procedemento: aberto.

C) Forma: concurso.

4.- Presuposto base de licitación:

O que se sinala ó comenzo do anuncio.

5.- Garantías.

A) Garantía provisional: o 2% sobre o presuposto do contrato.

B) Definitiva: o 4% sobre o importe de adxudicación.

6.- Obtención de documentación e información.

A) Entidade: Concello de Samos.

B) Domicilio: Pz España, s/n

C) Localidade: Samos, C.P. 27620.

D) Teléfono: 982 546002 - 982 546172.- Fax: 982 0546122

E) Data límite de obtención de documentos e información: ata o último día do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos de contratista.

Os sinalados no prego de cláusulas económico-administrativas.

8.- Presentación de ofertas.

A) Data límite: vinte e seis días naturais contados a partir do seguinte ó da última publicación deste anuncio no BOP de Lugo ou no DOG, se este fose inhábil, ó seguinte hábil.

B) Lugar de presentación: No Rexistro Xeral do Concello de Samos, de 9.00 a 14.00 horas.

9.- Documentación a presentar:

A sinalada no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

10.- Apertura das ofertas.

Pola mesa de contratación na casa consistorial de Samos, ás 12.00 horas do terceiro día hábil seguinte ó da finalización do prazo de presentación das proposicións (se fose inhábil, ó primeiro hábil seguinte).

11.- Gastos de anuncios.

Serán por conta do adxudicatario.

Samos, 14 de decembro de 2005.- El Alcalde, ilexible.

R. 05967